

## **4. CONCRECIÓN CURRICULAR**

### 4.1 Currículo

- 4.1.1. ESO e Bacharelato
- 4.1.2. Formación Profesional
- 4.1.3. Educación de persoas adultas

### 4.2. Contribución das materias ás Competencias Clave

### 4.3. Orientacións xerais para lograr o desenvolvemento das Competencias Clave

- 4.3.1. Metodolóxicas
- 4.3.2. Curriculares

### 4.4. Criterios para traballar a educación en valores desde a transversalidade

### 4.5. Criterios de promoción e titulación

- 4.5.1 ESO
- 4.5.2 BACHARELATO
- 4.5.3. Formación Profesional
- 4.5.4 Educación de persoas adultas

### 4.6. Procedementos de acreditación

- 4.6.1 Criterios de avaliación para a acreditación de coñecementos da materia de 1º de Bacharelato do alumnado que quere cursar unha materia de 2º de Bacharelato e non cursou a correspondente de continuidade de 1º curso.

### 4.7. Criterios para a elaboración das programacións didácticas

### 4.8. Criterios sobre a asignación de matriculas de honra

### 4.9. Oferta educativa

- 4.9.1. Materias de libre configuración
- 4.9.2. Solicitudes de admisión

## **4.1.Currículo**

### **Concreción do currículo no PEC**

O proxecto educativo do centro recolle os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorpora a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponda fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias da educación en valores e outras ensinanzas.

#### **4.1.1. ESO e Bacharelato**

##### **Decreto 86/2015. Currículo ESO e Bacharelato**

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

O currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato será desenvolto mediante a elaboración das correspondentes programacións para as distintas materias nos Departamentos Didácticos do centro.

#### **4.1.2. Formación Profesional**

##### **Decreto 107/2014. Currículo FPB**

- Título profesional básico en Servizos Administrativos

O centro educativo concretará e desenvolverá o currículo dos ciclos formativos de formación profesional básica, no uso da súa autonomía, tal como se recolle no capítulo II do título V da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para esta concreción teranse en conta a realidade social e económica e as características xeográficas, socioproductivas e de recursos humanos do seu ámbito.

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional básica mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, de acordo coas especificacións para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

##### **Decreto 114/2010. Ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia**

Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se impartan as ensinanzas reguladas neste decreto.

## **CICLOS MEDIOS**

### **Decreto 191/2010**

- Técnico en xestión administrativa

### **Decreto 178/2010**

- Técnico en instalacións de telecomunicacións

## **CICLOS SUPERIORES**

### **Decreto 206/2012**

- Técnico superior en administración e finanzas

### **Decreto 210/2012**

- Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos

### **Decreto 177/2010**

- Técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede

### **Decreto 109/2011**

- Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web

### **4.1.3. Educación de persoas adultas**

#### **Orde do 20 de marzo de 2018. Educación Básica Adultos. Currículo**

### **ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS**

O currículo das ensinanzas básicas iniciais promoverá o desenvolvemento das competencias clave necesarias para acceder á educación secundaria para persoas adultas, e a mellora dos coñecementos, destrezas e habilidades que favorezan o desenvolvemento persoal, laboral e social.

Os centros docentes e o seu profesorado desenvolverán unha programación para cada un dos ámbitos das ensinanzas básicas iniciais, tomando como referente o currículo establecido. A programación terá unha proposta integradora e orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos.

### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

O currículo destas ensinanzas ten como marco de referencia o establecido para a educación secundaria obrigatoria no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O currículo determinado deberá adaptarse por cada centro educativo ás condicións e circunstancias concretas do seu alumnado e do contexto en que este se desenvolve.

#### **4.2. Contribución das materias ás Competencias Clave**

As programacións docentes de cada departamento incluírán aqueles aspectos que contribúan á consecución das competencias clave por parte de todo o alumnado de ESO. Así, o profesorado dentro da súa materia desenvolverá as tarefas necesarias que integrará na súa práctica docente e nos criterios de avaliación e cualificación.

A principio de curso, e durante a avaliación inicial, o profesorado informará das competencias clave nas que, ao seu criterio, o alumnado presenta máis dificultades para poder entre todo o equipo docente do grupo axudar ao seu desenvolvemento.

A final de curso o profesorado informará na avaliación final do grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado segundo as tarefas que tivese programado na aula. Non é preciso neste punto informar de todas as competencias senón daquelas traballadas. O/a titor/a usará esta información para encher o Consello Orientador do/a alumno/a de final de curso que será, á súa vez, punto de partida para o curso seguinte.

### **4.3. Orientacións xerais para lograr o desenvolvemento das Competencias Clave**

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiranse no Consello Orientador, expresándose nos termos de: insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

#### **4.3.1 Metodolóxicas**

O IES de Rodeira fomentará a consecución das Competencias Clave do alumnado de ESO por medio da planificación de tarefas, proxectos globalizadores dentro de cada materia e interdisciplinares, así como o uso de portafolios e traballos colaborativos.

#### **4.3.2. Curriculares**

Elementos das competencias clave que se consideran aprendizaxes imprescindibles nas materias.

#### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia; comprender o sentido dos textos orais e escritos e respectar as normas de comunicación en calquera contexto.
- Expoñer oralmente un concepto, idea ou tema oralmente sendo claros e concisos e ler en alta voz co ritmo e entoación axeitados.
- Extraer a información esencial dun discurso, lectura literaria, película ou texto escrito
- Coñecer e usar os procedementos expresivos de carácter léxico, gramatical ou retórico que aseguren a coherencia, cohesión e adecuación do que se pretende expresar
- Valorar e fomentar o uso do galego como parte do noso patrimonio cultural e histórico, coñecendo e valorando a realidade plurilingüe de España
- Utilizar resúmenes, esquemas e mapas conceptuais dun texto lido.
- Axustar os textos propios ás condicións da situación comunicativa, respectando a ortografía, gramática e regras de adecuación, coherencia e convencións estilísticas.
- Utilización de distintas formas de expresión gráfica (debuxos, imaxes, fotografías, vídeos...) para expresar ideas, sentimentos e comunicarse máis efectivamente ou de xeito creativo e orixinal.
- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorar as competencias que se posúe como persoa plurilingüe.
- Expresarse con fluidez e corrección oralmente e por escrito nunha ou máis linguas estranxeiras (segundo as pautas indicadas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).

#### **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como aplicar o coñecemento e a investigación científica e tecnolóxica para formular e resolver problemas.
- Aplicar procedementos científicos e matemáticos que permitan a análise de datos e

extracción de conclusións, operando, calculando e expresando correctamente as medidas.

- Interpretar, analizar e crear táboas, gráficos, planos, mapas, maquetas e representacións a escala.
- Coñecer e interpretar os conceptos de uso habitual na estatística e fenómenos próximos nos que intervén a probabilidade.
- Realizar cálculos (exactos, aproximados, mentais, con calculadora...) para resolver problemas expresando correctamente o resultado.
- Aplicar fórmulas e algoritmos necesarios para resolver problemas de natureza matemática.
- Describir, interpretar e predicir fenómenos sinxelos observables no mundo físico-químico e natural
- Comprender e valorar a incidencia da acción humana no medio e a necesidade de protección e mellora do Medio Ambiente, o aforro e novas fontes de enerxía e a reciclaxe.
- Valorar a adopción dun estilo de vida saudable
- Planificar e construír situacións experimentais usando instrumentos e medicións

### **COMPETENCIA DIXITAL**

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.
- Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Procurar, seleccionar, rexistrar e almacenar en distintos soportes información textual, icónica, etc. de Internet atendendo ao tipo de información, á adecuación das fontes, posibilidades e adecuación.
- Participar a través das ferramentas que ofrece a rede en traballos cooperativos e en sistemas de comunicación grupal.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. Coñecer e usar os programas de ofimática e de creación multimedia básicos.
- Utilizar Internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- Navegar por Internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade. Usar Internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.
- Empregar distintas fontes e en diferentes idiomas para buscar información; elaborar información propia usando os medios tecnolóxicos e as ferramentas dixitais con criterios éticos.

### **APRENDER A APRENDER**

- Xerar e aplicar estratexias para mellorar a aprendizaxe en distintos contextos.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Xestionar os recursos, motivacións e intereses persoais a favor da aprendizaxe, mediante a planificación e organización do traballo.
- Contribuír coa linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, a perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas, etc. Tamén contribuír decididamente o valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio
- Amosar unha actitude positiva polo uso das linguas estranxeiras en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras

linguas para pedir axuda ou aclaración. Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas

### **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

- Facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Coñecer a realidade social e histórica a partir de distintas fontes, e opinar e argumentar fomentando a capacidade de diálogo para a resolución de conflitos, cumprindo as normas e respectando a quenda de palabra.
- Respetar as persoas (maneiras de pensar, actuar, razoar) da aula, así como interese polas linguas estranxeiras. Favorecer o ambiente da aula e participación responsable nos traballos cooperativos.
- Aprender a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais nos traballos en grupo, desenvolvendo a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorecendo aprender de e cos demais
- Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica.
- Recoñecer aquelas implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poidan comportar riscos para as persoas ou para o medio.

### **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en un/a mesmo/a, fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.
- Asumir as responsabilidades, ser constante no traballo e xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Elaborar e defender traballos de investigación sobre diferentes temas, que permiten desenvolver a aprendizaxe autónoma.
- Aplicar os contidos adquiridos ao deseño de prácticas de laboratorio

### **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS**

- Mostrar respecto cara o patrimonio cultural nas súas distintas vertentes( artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...) e cara as mulleres e homes que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural e apreciar a beleza das expresións artísticas.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento

fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- Recoñecer a cultura científica como un conxunto de coñecementos estruturados en teorías que influiron na nosa forma de entender a realidade e polo tanto contribuíron a nosa cultura

- Valorar as linguas estranxeiras e as diversas manifestacións culturais e artísticas que as vehicula, mediante tarefas que poñen en valor estes aspectos.



#### **4.4. Criterios para traballar a educación en valores desde a transversalidade**

Non só nas materias, senón tamén nos plans de desenvolvemento que se recollen neste proxecto educativo, o obxectivo fundamental será o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboral do alumnado.

Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

##### **Educación moral e cívica**

- É importante que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralala.
- Manifestar unha actitude participativa e colaborativa en actividades de grupo, valorando como enriquecedoras as diferenzas entre as persoas e mantendo unha actitude activa de rexeitamento ante calquera tipo de discriminación.
- Fomentar o uso do diálogo para a resolución de problemas; a participación en actividades en grupo con actitudes tolerantes, solidarias e non discriminatorias; un ambiente da aula baseado no respecto, diálogo e a autocrítica.
- Impulsar a igualdade real, da tolerancia e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

##### **Educación para a paz**

- Afondar e dar preferencia a valores moi demandados pola nosa sociedade: solidariedade, tolerancia, non discriminación, respecto á diversidade, cooperación, participación, capacidade de diálogo. Partindo da lectura de textos invitar á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, servindo de base para a transmisión de valores como a non violencia, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos.
- O/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados. Deben ter moi claro que as diferenzas entre persoas deben ser sempre respectadas, xa que ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas.

##### **Educación para a igualdade entre homes e mulleres**

- Promover o uso dunha linguaxe adecuada, precisa e non discriminatoria.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller.

### **Educación ambiental**

- Identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, locais e globais, como retos ineludibles da nosa sociedade, con actitude crítica e construtiva.
- Sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais.
- Uso responsable dos produtos químicos e coñecemento das normas de protección ambiental respecto da eliminación de residuos.
- Identificar e valorar as accións individuais e conxuntas relacionadas co compromiso polo medio ambiente.

### **Educación para a saúde e a sexualidade**

- Ser responsable nas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o pracer para, deste xeito, poder integrarse con menos dificultade no mundo adulto. Tamén é básico que o alumnado aprenda a ser consciente da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.
- Adoptar unha actitude axeitada para lograr unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social. A educación sexual debe incidir tanto na afectividade como nos problemas que pode comportar unha sexualidade non responsable.
- Identificar as melloras e os danos que produce na saúde e no medio ambiente o uso de determinadas sustancias.

### **Educación do/a consumidor/a**

- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica fronte as mensaxes publicitarias e a súa repercusión non consumo.
- Identificar os pictogramas utilizados na etiquetaxe de produtos de uso común e a valoración da súa utilización responsable.
- Analizar as relacións entre as sociedades humanas e o aproveitamento dos recursos naturais, valorando as súas consecuencias.

### **Educación viaria**

- Reflexionar sobre o propio comportamento como condutores, pasaxeiros e peóns, promovendo a descuberta da necesidade de que existan e se respecten as normas de circulación.
- Analizar e identificar as causas dos accidentes, relacionándoos coas magnitudes propias da física.

### **Educación para a convivencia democrática**

- Destacar a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de conseguir entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.
- Fomento da participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o



espírito emprendedor, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### **Educación audiovisual e tecnolóxica**

- Usar os instrumentos que ofrecen a tecnoloxía e as TIC nos procesos de procura, xestión e arquivo da información, así como no desenvolvemento de traballos de investigación de elaboración propia.
- Analizar de xeito crítico os contidos audiovisuais sobre as propiedades e aplicacións de determinados elementos, e o uso de aplicacións para a representación desta información, aproveitando múltiples medios.
- Manter unha actitude aberta na incorporación, uso e actualización das novas tecnoloxías durante os procesos de ensino-aprendizaxe.

## **4.5. Criterios de promoción e titulación**

### **4.5.1 ESO**

#### **PROMOCIÓN**

O alumnado terá promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador emitido ao remate do curso.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador emitido ao remate do curso.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

#### **TITULACIÓN**

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Nas situacións de excepcionalidade, as decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro dentro da etapa ou sobre a titulación serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto do profesorado do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos

obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A xunta de avaliación terá en conta para a toma de decisións o seguinte:

- O alumnado deberá presentarse aos exames de todas as materias pendentes na convocatoria extraordinaria.
- No caso de votación na sesión da xunta de avaliación, a proposta será aprobada cunha maioría de 3/4 do profesorado correspondente ao equipo docente presente á mesma.

#### **4.5.2 BACHARELATO**

##### **PROMOCIÓN**

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Os departamentos didácticos poderán organizar actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. En todo caso, poderá presentarse a unha proba avaliativa no mes de abril.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunha materia, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

##### **TITULACIÓN**

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

#### **4.5.3 Formación Profesional**

##### **- FPB**

##### **PROMOCIÓN**

Promoción a segundo curso cando:

- a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e Sociedade I ou o módulo de Ciencias Aplicadas I. Con todo, deberá matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

## **TITULACIÓN**

Superación de todos os módulos.

### **Título de graduado en ESO**

Na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente poderá propoñer para a obtención do título de graduado en ESO ao alumnado que considere que teñan alcanzados os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes.

No caso de votación na sesión da xunta de avaliación, a proposta será aprobada cunha maioría simple do profesorado correspondente ao equipo docente presente á mesma.

## **- CICLO MEDIO E SUPERIOR**

### **PROMOCIÓN**

Promoción a segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando o alumnado non logre a promoción, deberá repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

### **TITULACIÓN**

Superación de todos os módulos profesionais.

#### **4.5.4 Educación de persoas adultas**

### **PROMOCIÓN**

Promoción ao módulo seguinte do alumnado que, avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento ou nas ensinanzas da oferta curricular propia do centro.

### **TITULACIÓN**

Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá ter superado o segundo módulo, módulo 4, de todos os ámbitos do nivel II da educación secundaria para persoas adultas.

